



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

Resolución do 9 de marzo de 2018, do tribunal designado para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado por Resolución de 1 de decembro de 2017 (DOG número 234, do 15 de decembro) e pola que se lle da publicidade a diversos acordos.

En sesión que tivo lugar o día 9 de marzo de 2018, o tribunal nomeado por Resolución da Dirección Xeral de Administración Local para a selección de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional no proceso convocado por Resolución de 1 de decembro de 2017 (DOG número 234, do 15 de decembro)

ACORDOU

Primeiro.- Á vista das reclamacións presentadas, anular as preguntas 49, 83 e 113. O seu lugar pasa a ser ocupado polas preguntas de reserva número 64, 97 e 130, respectivamente.

Segundo.- Desestimar o resto de reclamacións presentadas.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 6.2 da Orde do 30 de novembro de 2017 da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG núm. 229 do 1 de decembro), e tendo en conta o artigo 6 da Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de 1 de decembro de 2017 e o acordo deste Tribunal de 15 de febreiro de 2018, superaron o exercicio tipo test correspondente a cada subescala aqueles que contestaron un mínimo de 30 preguntas correctas sobre 60, tendo en conta que por cada tres (3) respostas incorrectas se desconta unha correcta.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/tramitar/PR410A>, as puntuacións obtidas na proba tipo test e na proba de galego, se fose o caso, e sobre os méritos baremados obtidos polos/as aspirantes. .

Quinto.- De acordo co disposto no artigo 5.5 da Orde do 30 de novembro de 2017, pola que se establece o procedemento para a selección e nomeamento de persoal interino para o desempeño de postos reservados a persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional (DOG do 1 de decembro), os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas sobre a puntuación obtida na proba tipo test e a proba de galego, se fose o caso, e sobre os méritos baremados, no prazo de dez (10)



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa Madrid, 2-4
15781 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfonos 981 546 579 – 981 546 220
Fax: 981 546 569
E-mail: administracionlocal@xunta.es

galicia

días hábiles contados dende o seguinte ao de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.

Sétimo.- Contra este acordo poderase interpoñer recurso de alzada ante a Directora Xeral de Administración Local nos termos previstos nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

A presidenta do tribunal
Ascensión Labella Lozano